

Repaso dos temas 3 e 4.

1. Clasifica as seguintes palabras segundo sexan simples, derivadas ou compostas.

Parasol, zapato, pan, panadería, mesón, zapataría, escarvados, lapis, estoxo, cafetaría, beiramar, salmón, delicioso, preguiza, montañoso, caravana, carro, equipaxe, avión paracaídas, astro, escornabois, astral, circulatorio

Simples	Derivadas	Compostas

2. Sinala o suxeito e o predicado de cada unha das seguintes oracións:

O can ladra alegremente.

Ese moble é moi vello.

Nós fomos visitar o xacemento arqueolóxico de Campo Lameiro.

María mercou as pezas para montar un novo robot.

Vós chegáchedes tarde dabondo.

Foron moi respectuosos os teus amigos.

3. Indica se os seguintes substantivos son comúns ou propios.

Lámpada, Xavier, Vigo, mar, escola, Canicouva.

Comúns	Propios

4. Indica se os seguintes substantivos son concretos ou abstractos.

Felicidade, libros, tristura, emoción, mans, xabón, pés.

Concretos	Abstractos

5. Indica se os seguintes substantivos son individuais ou colectivos.

Árbore, alameda, soto, carballo, banco, manda, profesorado, meses, semestre, centenario, días.

Recorda que os substantivos colectivos son aqueles que, aínda estando en singular, se refiren a un conxunto de cousas. Por exemplo: alumnado (é unha palabra que está en singular pero se refire a un grupo de alumnos e alumnas).

Individuais	Colectivos

6. Indica se os seguintes substantivos son contables ou incontables.

Aceite, aire, madeira, merlo, cereixa, fume, diamante, leite, orella, ovo, rosa, trigo, auga, castaña.

Contables	Incontables

